



CDR ANCARES, UN XEITO DE FACER PROMOCIÓN

7. CERVANTES, A NOSA LOCALIZACIÓN E A NOSA RAZÓN DE SER

O Centro para o Desenvolvemento Rural Ancares desenvolve a súa actividade en CERVANTES (Lugo).

É un concello situado na alta montaña oriental da provincia de Lugo limítrofe con León. Extenso (276 km²), pouco poboado (1210 habitantes) e cunha gran dispersión da poboación (139 pobos).

INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS:

- Casa do concello: en San Román, situado nunha esquina do territorio.
- Centros de saúde: en Doiras ata mediodía, en San Román ata as 10 da noite e en Becerreá pola noite.
- Colexios: O CPI en San Román. Para outros estudos teñen que ir a Becerreá ou Lugo.
- Estradas: as típicas dunha zona de montaña non moi desenvolvida pero chégase a todos os pobos por asfalto.
- Instalacións deportivas: Un campo de fútbol de terra e un polideportivo cuberto no colexio de San Román.
- Teléfono, internet, tv dixital con deficiencias nalgunhas zonas do concello.
- Locais para xuntanzas: Os do Concello (moi distantes para a gran maioría); catro vellas escolas unitarias en bastante mal estado; os baixos da casa reitoral de San Román e as tabernas e casas particulares.



- Locais de diversión: Quedan algúns bares nalgún dos pobos máis habitados pero as tabernas están *finiquitadas*. A mocidade para divertirse vai a Becerreá, Lugo ou Ponferrada. Desde fai uns anos a rapazada está a recuperar ou organizar festas ou actividades lúdicas; antes os pais e nais organizaron clases de música que van dando os seus froitos.
- Prensa: Chega por correo a aqueles particulares que están subscritos.

POBOACIÓN E VIDA:

No censo figuran 1210 persoas: 706 homes (11 en idade escolar, 356 entre 15 e 64 anos e 339 maiores de 64) e 504 mulleres (19 en idade escolar, 258 entre 15 e 64 e 227 maiores de 64). Hai que destacar a importancia dun bo número de persoas novas que non estando censadas aquí teñen unha repercusión enorme na vida de Cervantes xa que veñen a gran maioría das fins de semana e posibilitan que moitas persoas maiores podan permanecer nas súas casas. Tamén merece especial mención a realidade de moitas mulleres que teñen grandes dificultades para relacionarse asiduamente con outras mulleres; hai 40 aldeas nas que só hai unha muller, 20 delas maiores de 65 anos.

Hai que destacar, en primeiro lugar, que baixo a visible pátina que cubre a realidade de tristura e desfeita existe un torbón de relacións veciñais cotiás como non se ven en moitos sitios fóra e que por si mesmas xustifican unha vida neste medio. Non queremos esconder os problemas e haberá que facerlles fronte pero tamén é verdade que sen darlles bombo son moito máis habituais do que podería pensarse distintas formas de relacións veciñais: os saúdos e as preocupacións cotiás entre veciñas e veciños, as partidas de cartas, as merendas, os transportes e os traballos compartidos, as celebracións festivas e lutuosas, etc.; son infinidade, son naturais por costume e "porque si", e hai casos absolutamente admirables; constitúen, sen dúbida, un monumental patrimonio a coidar e a potenciar. Por algo será que as persoas maiores non queren marchar e a maioría da xente moza ven case todas as fins de semana para aquí; por iso será, tamén, o impresionante tecido asociativo que neste momento hai en Cervantes: cotos de caza, comunidades de monte, asociacións veciñais, asociacións culturais, tres asociacións xuvenís, a ANPA, A Carqueixa...

O illamento, as distancias e A FALTA DE TRANSPORTE PÚBLICO AXEITADO E EFICAZ dificultan e encarecen de forma considerable o acceso aos servizos básicos e xerais para unha poboación fortemente envellecida; evidenciase así unha importante discriminación a respecto doutros territorios ou colectivos que contan con transportes gratuítos ou altamente financiados, e non precisamente para o acceso a servizos tan básicos como o da sanidade. faise precisa a colaboración de toda a veciñanza e, sobre todo, o compromiso decidido das



distintas administración para implementar respostas creativas e innovadoras que poñan fin a esta situación.

As cousas van cambiando pero a dependencia, a baixa autoestima e a pouca valoración do propio seguen a ser trazos transversais na vida cotiá do Concello.

As pensións, son das máis baixas do estado e hai un número significativo de pensións non contributivas; este feito adquire unha especial gravidade porque aquí todas as compras son máis caras xa que hai que desprazarse para realizalas ou veñen por medio da venda ambulante, moi útil pero menos variada e máis cara.

A cualificación para poder acceder a postos de traballo distintos da agricultura e a gandería é bastante baixa, polo que fai falta recursos que promovan a formación e cualificación da poboación para a adquisición de competencias clave ou acceso a accións formativas e certificados de profesionalidade.

Produciuse ó longo destes anos un notorio envellecemento e abandono das explotacións gandeiras (fundamentalmente gando vacún de carne). Houbo unha gran transformación tanto na forma de xestionar as explotacións familiares como a compra e venda dos produtos; pasouse das cuadras pechadas e os pequenos prados a explotacións abertas a pasteiros e monte. Hai posibilidades de que algúns mozos e mozas se incorporen á explotación dos seus pais pero serán necesarias melloras no manexo e a orientación. Existe un número decrecente, pero notable, de explotacións gandeiras que non teñen viabilidade empresarial pero non se pechan por tradición.

Queda moito que facer na busca de alternativas económicas distintas da gandería relacionadas co aproveitamento dos recursos que ofrece este territorio; se somos quen de transformar esas teóricas posibilidades (sobre todo o monte) en proxectos concretos e creativos algunha xente nova poderá facer o seu proxecto de vida aquí co estilo de aquí: respectuoso co tempo, co espazo e coa veciñanza. O futuro en Cervantes é difícil pero posible sempre que se traballe con intelixencia e paixón.

A cooperativa "A Carqueixa" (210 persoas socias) para a venda do gando e a compra de *insumos* está a converterse nun polo interesante de avance económico e social pero as súas posibilidades transformadoras móstranse bastante limitadas nun mercado tan globalizado e non sempre lle é doado acadar os obxectivos marcados.

O peche de varios establecementos senlleiros relacionados coa hostalería e o turismo non axuda para nada a manter o ánimo, esperemos que algunha xente nova se vaia animando a reverdecer novos negocios neste sector.

Hai 5-6 empresas de construción que aportan emprego, asesoramento e dinamismo na zona. O teitado de palla e a restauración de edificacións tradicionais pode supoñer unha vía interesante.



c.d.r. **ancares**

Centro para o Desenvolvemento Rural "ANCARES"

O monte, en todas as súas dimensións, é un sector que ten moitísimo potencial e marxe de mellora en Cervantes. A xestión do seu coidado e explotación está moito nas mans das administracións e de TRANPSA; non estaría demais que a propiedade repensase o seu papel que pode xogar na *vertebración* económica e social de Cervantes e unha oportunidade para reter na zona algunha da xente moza.